



LUGO

A/A. DIRECCIÓN XERENCIA DA EOXI DE LUGO, CERVO E MONFORTE DE LEMOS

ASUNTO: SOLICITUDE DE REUNIÓN URXENTE por mor da Centralización da atención sanitaria no C.S. Fingoi, os sábados de mañá.

Dende a Sección Sindical de CIG-Saúde, ante a situación que nos trasladan os profesionais dos centros de saúde do concello de Lugo, consistente na centralización na atención sanitaria á poboación adscrita de tódolos centros de saúde do Concello, no centro de saúde de Fingoi, os sábados pola mañá, en horario de 08:00 a 15:00 horas:

Consideramos que é un cambio moi importante na organización do traballo dos profesionais afectados, no cal non se tivo en conta a opinión do persoal afectado, tampouco se tivo en conta a opinión dos representantes sindicais nin se negociou tal medida a pesar de ser un cambio moi importante nas condicións de traballo de tódolos profesionais dos centros de saúde.

Non pode ser que se tomen decisións deste calado sen falar cos profesionais afectados, e non se lles deixe alternativa máis que acatar as decisións sen ter en conta as alternativas que estes poidan plantexar.

Tampouco entendemos que dende unha sanidade orientada ao doente se pechen os Centros de Saúde, para centralizar a atención, e aglutinar a todos os doentes dos distintos centros de saúde, e máis tendo en conta a situación epidemiolóxica que estamos a sufrir todos co SARS-CoV2.

Tampouco se entende que se centralicen profesionais nun centro de saúde, cando as recomendacións con respecto ao SARS-CoV2, din precisamente todo o contrario.

É unha decisión unilateral por parte desa Dirección coa que non concordamos nin nas formas nin no fondo, e polo tanto esiximos que esa Dirección convoque urxentemente reunión co Comité de Atención Primaria de Lugo.

Lugo, a 16 de setembro de 2020.

Sección sindical CIG-Saúde de Lugo.